



## **CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)**

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142  
//www.concellodezas.org//

### **BASES E CONVOCATORIA DO CONCURSO DE VIDEOS PANXOLIÑAZAS 2019**

**PRIMEIRA.-** Co obxecto de contribuír ó realce das tradicionais Festas de Nadal o Departamento de Cultura do Concello de Zas convoca unha nova edición do Concurso de vídeos de panxoliñas, Cantos de Aninovo e Cantos de Reis, PANXOLIÑAZAS 2019,

O concurso ten como obxectivos os seguintes:

1. Desenvolvemento da creatividade, fomento do uso das TICs, traballo en equipo e bo aproveitamento do tempo de lecer.
2. Recuperación de panxoliñas, villancicos tradicionais, cantos de Aninovo e Reis que se cantaban nesta zona e que aínda se continúa a facer, pero que corren o risco de desaparecer co paso do tempo.
3. Fomento do uso da lingua galega na sociedade en situacións informais e festivas ou lúdicas da veciñanza en xeral (ámbito asociativo do municipio, alumnado dos centros educativos, hostaleiros/as, empresariado, comercio, turismo, veciños e veciñas, etc), no ámbito socioeconómico do concello, e no conxunto da sociedade en xeral.

**SEGUNDA.-** Os premios previstos nas presentes bases outorgaranse mediante o procedemento de concorrencia competitiva, no que calquera persoa pertencente ao Concello de Zas, con ou sen personalidade xurídica, que o desexe poderá participar,

**TERCEIRA.-** En canto as condicións de participación:

1. Poderán participar todas aquelas persoas interesadas de calquera idade que así o desexen de xeito individual ou en grupo sen haber límite de idade.

2.a) En caso de participante individual debe cubrirose o Anexo I a) “Participante individual” e o Anexo II debidamente cubertos. En caso de menores de idade, é imprescindible dar o consentimento ao uso dos datos do menor e a exhibición das imaxes do mesmo para publicacións relacionadas co concurso.

b) En caso de presentarse en grupos, con ou sen personalidade xurídica deberán cubrirose o Anexo I b) “Grupos”, e o Anexo II debidamente cubertos. En caso de que no grupo haxa menores de idade, o representante será responsable de ter o consentimento dos pais, asumindo a responsabilidade fronte ao Concello.

3. Para tales efectos deberán presentar a solicitude de participación co Anexo I (a) ou b) según corresponda) e o Anexo II debidamente cubertos, no rexistro de entrada do Concello, ou mediante a súa sede electrónica.



## **CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)**

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142  
//www.concellodezas.org//

4. Os vídeos poderanse enviar por correo electrónico a [turismozas@gmail.com](mailto:turismozas@gmail.com). indicando no asunto “Concurso de Panxoliñas”, e o nome da peza participante, indicando o número derexistro do solicitante.

5. Os vídeos tamén poderán ser entregados no Concello de Zas a través da plataforma WeTransfer indicando igualmente o número de rexistro de entrada da solicitude.

6.As persoas participantes ou que aparezan nos vídeos ceden a súa imaxe para publicacións relacionadas co concurso.

**CUARTA.-** O prazo de presentación de solicitudes e vídeos será dende o seguinte á publicación das presentes bases no BOP ata o día 14 de decembro ás 23:59 horas en calquera das formas sinaladas na base anterior. As resolucións sucesivas publicaranse na Web municipal e nas redes sociais

A data límite de recepción dos vídeos é o 14 de decembro ás 23:59 horas.

As panxoliñas, villancicos, cantos de Aninovo, cantos de Reis deberán estar en lingua galega e poderán ser tradicionais, xa existentes, de creación propia ou traducións ao galego.

**QUINTA. -** O período de exhibición dos vídeos participantes será dende ás 09:00 horas do día 16 de decembro, ata as 23:59 horas do día 19 de decembro, período no cal estarán publicados na páxina oficial do Facebook do Concello de Zas para a súa valoración polas e polos internautas que valorarán os vídeos, outorgándolles os seus “gústame” e mais polo xurado. Tamén se exhibirán nas actividades de Nadal do Concello.

Este concurso será divulgado a través da web do Concello de Zas ([www.concellodezas.org](http://www.concellodezas.org)), nos espazos oficiais en Facebook do concello e enviarase nota aos medios de comunicación.

**SEXTA.-** Establécense catro premios de cen euros, que outorgaranse con cargo á aplicación orzamentaria 338.489.00.

Os premios aprobaranse por Alcaldía á vista da decisión do Xurado, que elaborará unha acta na que conste a resolución de vídeos premiados que se farán públicos ao remate do concurso. O técnico municipal instrutor do procedemento D. Fidel Angel Otero Pazos, elaborará un informe partindo desta acta para proceder ao pago dos premios, que se aboarán mediante transferencia bancaria, para o que os gañadores deberán achegar xustificante bancario co número de conta da que sexan titulares, nos días posteriores a celebración do Concurso.

No caso de menores o abono farase ao representante legal. En caso de grupos, ao representante designado ao efecto.

Ás contías de cada premio aplicaráselles a retención fiscal correspondente.

**SETIMA. -**Os membros do xurado serán os seguintes:

Presidente: Manuel Muiño Espasandín, Alcalde do Concello de Zas,



## **CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)**

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142  
//www.concellodezas.org//

Suplente: Jose Manuel Brenlla Castiñeira, Concelleiro de deportes e turismo

Secretaria: Tania Carreira Rial, técnica de turismo do concello

Suplente: M<sup>a</sup> Angélica Pose Lema, traballadora social do concello

Vogal 1: Oscar Lema Romero, Concelleiro de Cultura.

Suplente: Natalia Espasandín Pazos, concelleira de Réxime interior, persoal e patrimonio municipal.

Vogal 2: Adrián López Agra, técnico de xestión cultural do concello

Suplente: Fidel Otero Pazos, animador deportivo do concello

Vogal 3: Carmen María Sánchez Arines, técnica de patrimonio do concello

Suplente: Yolanda Vecino Tomé, educadora familiar.

Para a válida constitución do mesmo será necesario a presenza de 3 membros.

**OITAVA.-** Os criterios de valoración serán os seguintes:

1. Premio ao vídeo máis popular en Facebook.- Seralle concedido ao vídeo que sume máis “gústame” na rede social Facebook do Concello de Zas.
2. Premio á mellor presentación e posta en escena.- Premio que se concederá ao vídeo que conte cunha mellor posta en escena, máis do Nadal, máis orixinal, etc.
3. Premio ao vídeo que conte con máis fidelidade á tradición galega.- Seralle concedido ao vídeo que conte con máis fidelidade léxica e musical á tradición galega.
4. Premio ao mellor vídeo infantil.- Seralle concedido ao vídeo mellor valorado polo xurado e cuxos e cuxas participantes non teñan máis de 14 anos de idade.

**NOVENA-** Dos premios:

1. Premio ao vídeo máis popular en Facebook
  - a. Diploma de recoñecemento
  - b. Un premio en metálico de 100€
2. Premio á mellor presentación
  - a. Diploma de recoñecemento
  - b. Un premio en metálico de 100€
3. Premio ao vídeo que conte con máis fidelidade á tradición da nosa zona
  - a. Diploma de recoñecemento
  - b. Un premio en metálico de 100€
4. Premio ao mellor vídeo infantil



## **CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)**

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142  
//www.concellodezas.org//

- a. Diploma de recoñecemento
- b. Un premio en metálico de 100€

**DECIMA.-** A organización resérvase o dereito a rexeitar os vídeos que non cumpran as condicións fixadas nas bases ou aqueles que polo seu contido sexan ofensivos, ou cuestionables por razóns éticas ou legais.

A decisión do xurado será inapelable e adoptarase por maioría simple de entre os seus membros.

A participación no concurso, implica o coñecemento e aceptación destas bases, sobre as que, diante de calquera dúbida, prevalecerá a resolución que adopte o xurado, por maioría simple dos seus membros. En contra das decisións de dito xurado non caberá ningún recurso.

Calquera situación que non estea recollida nestas bases, resolverase segundo o que decida o xurado.

En Zas,

O alcalde

Asdo. Manuel Muiño Espasandin



## CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142  
//www.concellodezas.org//

### ANEXO I.a)

#### FICHA DE INSCRICIÓN INDIVIDUAL

##### 1. Datos do participante:

Nome e apelidos.....

DNI....., Idade.....

Domicilio.....

##### 2. Datos do Representante: (pai/nai/titor legal): de ser o caso: IMPRESCINDIBLE EN CASO DE MENORES DE IDADE.

Nome e apelidos.....

DNI....., Teléfono.....

Domicilio.....

De conformidade coa normativa acerca da patria potestade dos menores de idade, mediante a presente, **AUTORIZO** a/o miña/meu filla/fillo a participar no concurso de **PANXOLIÑAZAS** e a que os seus datos e imaxes sexan utilizados de conformidade cos fins das presentes bases.

##### 3. Declaración responsable:

Polo presente escrito, o participante arriba indicado/ ou o representante indicado no apartado segundo, DECLARA BAIXO A SÚA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE QUE:

-Que declaro coñecer e aceptar as bases da convocatoria.

Que nin o beneficiario nin o representante se atopan en ningún suposto de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas, nin están incurso en ningunha das prohibicións do art. 13.2 e 13.3 da Lei xeral de subvención e disposicións aplicables.

Que o beneficiario e o representante legal se atopan ao corrente das súas obrigas tributarias con Facenda e a Seguridade Social.

Que responde, persoalmente, de calquera tipo de obriga fiscal que da presente declaración se poida derivar.

Que autoriza ao uso dos datos do beneficiario e do representante legal para calquera información que deba ser rendida, en cumprimento de disposicións legais de calquera tipo.

Zas, ..... de.....de 2019

O representante

Asdo.



## **CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)**

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142  
//www.concellodezas.org//

### **ANEXO I.b):FICHA DE INSCRICIÓN: GRUPOS (ENTIDADES CON OU SEN PERSONALIDADE XURÍDICA)**

#### **1. Datos da panxoliña:**

Nome :.....|

Nº de participantes:.....(indicarse o nome e apelidos e idade de todos os participantes)

1.....

2.....

3.....

4.....

5.....

#### **2. Datos do representante do grupo anterior.**

Nome e apelidos.....

DNI....., Teléfono.....

Domicilio.....

#### **3. Declaración responsable:**

Polo presente escrito, o participante arriba indicado/ ou o representante indicado no apartado segundo, DECLARA BAIXO A SÚA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE QUE:

-Que declaro coñecer e aceptar as bases da convocatoria.

Que nin o beneficiario nin o representante se atopan en ningún suposto de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas, nin están incurso en ningunha das prohibicións do art. 13.2 e 13.3 da Lei xeral de subvención e disposicións aplicables.

Que o beneficiario e o representante legal se atopan ao corrente das súas obrigas tributarias con Facenda e a Seguridade Social.

Que responde, persoalmente, de calquera tipo de obriga fiscal que da presente declaración se poida derivar.

Que autoriza ao uso dos datos do beneficiario e do representante legal para calquera información que deba ser rendida, en cumprimento de disposicións legais de calquera tipo.

Que ten a autorización de todos os membros do grupo e/ou seus representantes legais para representala a todos os efectos e, de ser o caso, recibir o premio.

Zas, ..... de.....de 2019

O representante (ASINADO)



## **CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)**

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142  
//www.concellodezas.org//

### **ANEXO II. AUTORIZACIÓN CESIÓN DE DATOS**

Dº/Dª (nome e apelidos) \_\_\_\_\_

con DNI \_\_\_\_\_, domicilio \_\_\_\_\_

teléfono \_\_\_\_\_, correo electrónico \_\_\_\_\_

actuando (marcar o que proceda) en:

Nome propio

En representación de:

Título da panxoliña: \_\_\_\_\_, actuando  
en calidade de representante, para o que ostenta a capacidade necesaria,

### **AUTORIZA AO CONCELLO DE ZAS**

A solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado e da Seguridade Social, de acordo co establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos personais e garantía dos dereitos dixitais, Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de contratación o estime oportuno.

Os presentes datos son certos e válidos en tanto non se lle comunique o contrario por escrito ao Concello.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2019

**SINATURA**